



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE

IES Félix Muriel



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Rúa María Ana Mogas, nº 1

15920 RIANXO

Tfno: 881886 646

ies.felix.muriel@edu.xunta.gals

PLAN DE CONTINXENCIA

IES FÉLIX MURIEL



CURSO 2020 – 2021



Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, e a Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.


O Plan de Continxencia do IES Félix Muriel ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nunha aula, etapa educativa ou na totalidade do centro.

1. ACTUACIÓN PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 ou que estea á espera de resultados dunha proba COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro: colocáraselle unha máscara cirúrxica e levarase a unha das Aulas de illamento do centro (existe unha Aula de illamento en cada un dos edificios do centro –principal e anexo-), as cales dispoñen dun sistema de ventilación adecuada, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. No caso de a persoa con síntomas non poida utilizar máscara, o/a acompañante empregará unha máscara FFP2 sen válvula (KN95). A continuación, contactarase coa familia do/a alumno/A co fin de que veña na maior brevidade posible recollelo ao centro e se poña en contacto co seu pediatra ou médico de atención primaria.

Se coinciden no tempo máis de dous casos con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes agardarán acompañados por unha persoa traballadora do centro (preferiblemente os membros do Equipo Covid) nun lugar cuberto exterior ou noutro lugar interior con ventilación adecuada.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
4. No suposto da aparición dun caso, tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como



de quen sexa persoa próxima ligada ao centro educativo. A información relativa aos contactos estreitos realizarase logo de conversa telefónica coas autoridades sanitarias.

5. A familia dun/ha alumno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra ou médico de atención primaria para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.
6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.
7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:
 - A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena dunha parte ou da totalidade do grupo e do profesorado asignado a ese grupo. Esta decisión depende das autoridades sanitarias.
 - De se detectares 3 casos positivos no últimos 7 días as autoridades sanitarias e educativas poderán acordar o peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

2. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua desta.
2. O equipo COVID do centro identificará o alumnado que teña dificultades de conexión ou careza de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. Para isto o Equipo



Covid trasladará ao profesorado titor unha folla de recolla de información relacionada co equipamento informático e o acceso á rede.


3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
4. De cara a unha posible suspensión das actividade lectiva presencial o centro puxo en marcha as seguintes medidas:
 - i. Participación en actividades de formación relacionadas coa Aula Virtual e Cisco Webex.
 - ii. Aula Virtual dispoñible e organizada desde finais de setembro.
 - iii. Acceso á Aula Virtual do centro de todo o alumnado.
 - iv. Identificación do alumnado con problemas de equipamento e/ou conexión a internet para o poder dotar do equipamento no caso de se suspender a actividade lectiva presencial.
 - v. Contacto directo do/a titor/a co alumnado co fin de detectar posibles dificultades tanto a nivel de recursos materiais como a nivel académico.
5. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo propón as seguintes medidas:

i. Comunicación familias-centro/profesorado e alumnado-profesorado

1. As comunicacións do centro ás familias realizaranse a través da plataforma Abalar Móbil e a páxina web do centro.
2. As familias comunicaranse co centro a través do correo electrónico (ies.felix.muriel@edu.xunta.ga) ou do teléfono do centro –de se pechar o centro na súa totalidade, este medio de comunicación non se poderá garantir no 100% dos casos-.
3. As comunicación do profesorado coas familias e viceversa realizaranse basicamente a través da aplicación Abalar Móbil e o correo electrónico.
4. Contacto co alumnado a través do correo electrónico corporativo do centro e/ou do teléfono. Todo o alumnado do centro conta cunha conta de correo corporativo (...@iesfelixmuriel.es) que lle foi comunicada a comezo de curso e é a empregada para o acceso á Aula Virtual. Así mesmo pódese empregar a mensaxería da AV que permite enviar mensaxes ben ao grupo ben a un alumno/a concreto.

ii. Docencia telemática

1. Manterase, como mínimo, unha sesión semanal de videoconferencia en todas as materias. As materias que só dispoñen dunha hora de docencia semanal poderán ter unha sesión quincenal (inclúese tamén a sesión de Tutoría presencial na ESO).



2. Durante as videoconferencias, o alumnado deberá poder activar a cámara co fin de que o profesorado poida realizar un seguimento do seu traballo/atención durante o tempo de docencia. Para iso é preciso solicitarlle ao alumnado que procure un espazo que non invada a intimidade do fogar.
3. Nas videoconferencia intentarase, na medida do posible, manter o horario específico de cada grupo co fin de que non se produzan interferencias entre distintas materias.
4. Co fin de resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do traballo autónomo do alumnado, o profesorado establecerá o sistema de comunicación –foro e/ou correo electrónico- e o horario de atención.

iii. Tarefas, probas ou exames

1. Aviso de tarefas: o profesorado informará ao grupo mediante o foro de comunicación co grupo ou do correo electrónico.
2. Recursos para a realización de tarefas: os recursos e materiais necesarios publicaranse no curso da Aula Virtual.
3. Entrega de tarefas: o profesorado especificará a data de entrega de tarefas e outorgará uns prazos de entrega axeitados, tendo en conta a dificultade e a lentitude dalgún alumnado tanto á hora de elaborar as tarefas dixitalmente e a súa conexión a internet.
4. Os departamentos establecerán na súa programación didáctica a forma de avaliar no caso de se suspender a docencia presencial e as condicións nas que se desenvolverán as probas ou exames no caso de se realizar.
5. No tocante ás materias pendentes, a información centralizarase na páxina web do centro.

iv. Atención alumnado con NEE


As circunstancias actuais fan máis necesaria a atención ao alumnado con NEE e, esta aumenta no caso de termos que recorrer á docencia telemática.

O Departamento de Orientación fará un seguimento dos/as alumnos/as cos que estaba a traballar e daqueles que lle comuniquen as persoas titoras.

Co fin de contribuír á mellora da aprendizaxe deste alumnado, á parte do traballo realizado desde Orientación e a PT, intentase que exista un profesor/a de apoio que poida realizar un seguimento deste alumnado moito máis personalizado, tal e como se levou a cabo durante o 3º trimestre do curso 2019-2020.

3. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial. O centro educativo seguirá as indicacións que lle sexan comunicadas desde o Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia o cal é o encargado de determinar o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar.



As fases previstas para a reincorporación no IES Félix Muriel son as que seguen, se ben esas son orientadoras xa que o procedemento a aplicar en cada situación dependerá da Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

FASE	OBXECTIVOS
<p>Fase 1. Adecuación de espazos Duración (por determinar): pode ter unha duración variable, se ben se aconsella que sexa dunha semana. Porcentaxe de alumnado na aula: 0 % O equipo Covid do centro establecerá as actuacións a desenvolver sempre de acordo coas autoridades educativas e sanitarias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da situación dos espazos e as súas necesidades • Desinfección dos espazos • Revisión do plan de adaptación no caso de se detectar erro na súa execución.
<p>Fase 2. Formación de pequenos grupos. Duración: unha semana. Porcentaxe de alumnado na aula de forma simultánea: 20 %. O grupo dividirase en 5 e cada día da semana acudirá un grupo diferente.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Formar o alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización correcta da máscara e hixiene de mans, desprazamentos polo centro, protocolo de acceso ao centro e cambio de aula... • Revisión do plan de adaptación no caso de se detectar erro na súa execución.
<p>Fase 3, Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos Duración: 2 xornadas lectivas Porcentaxe de alumnado na aula de forma simultánea: 50 % Dividirase cada grupo en 2 e cada día acudirá un grupo diferente</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Combinar o ensino presencial e a distancia (profesorado – horario habitual) • Poñer en práctica as medidas traballadas durante a fase 2 (profesorado)
<p>Fase 4. Fase de reactivación Duración: 5 xornadas lectivas Porcentaxe de alumnado na aula de forma simultánea: 100% Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realizar a avaliación do desenvolvemento das fases (Equipo Covid) • Reforzo e hábitos aprendidos • Realizar unha avaliación para comprobar o grao de adquisición do traballado durante o ensino non presencial (profesorado) • Volver á dinámica das aulas presencias, mais sen abandonar o emprego das ferramentas do ensino a distancia.

Rianxo, 14 de outubro de 2020